

COMPARECENCIA NA COMISIÓN TERCEIRA DE ORZAMENTOS DO PARLAMENTO DE GALICIA. NOVEMBRO 2017

Moi boa tarde, presidente, membros da Mesa e deputadas e deputados da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia.

Atendendo ao seu escrito, e dentro do calendario de comparecencias en relación co proxecto de lei de orzamentos xerais de Comunidade Autónoma de Galicia de 2018, o fago moi gustosamente, dada a miña condición de exvocal desta comisión e de parlamentario durante dez anos correspondentes ás lexislaturas VI, VII e VIII.

Unha circunstancia que provoca que sexa o único presidente dos catro gobernos provinciais de Galicia que teña esa satisfactoria experiencia como membro desta Cámara autonómica, a quen temos o deber de respectar.

O escrito que recibín establece como obxecto da comparecencia o de “explicar as liñas xerais do orzamento da Deputación provincial que presido para o exercicio de 2018”.

E o motivo da miña comparecencia vai máis aló, non vou falar de xeneralidades ou de liñas filosóficas orzamentarias, falo da concreción de contar xa cos orzamentos para 2018 xa aprobados.

Así foi na sesión plenaria da corporación provincial do pasado 29 de setembro. Non só a única das catro deputacións de Galicia que comparece aquí cos orzamentos xa aprobados, senón a primeira administración pública de España en facelo. Unha situación que moito ten que ver con conceptos como planificación, previsibilidade e seguridade xurídica, trazas inherentes á administración que presido.

Comparecer cos orzamentos do ano próximo aprobados non é unha novidade deste ano, así fixen tamén nas dúas ocasións anteriores. E así farei cando compareza nesta comisión en 2018 e fale dos orzamentos da

deputación de Ourense para 2019, que aprobará a corporación provincial o venres 28 de setembro de 2018.

Unha realidade que nace do plan de mandato Ourense 15-19 co que conta o meu goberno e que trae causa do programa electoral provincial co que a miña formación política, e eu mesmo como candidato, concorreremos ás eleccións de maio de 2015, caso único tamén na nosa comunidade autónoma.

A cantidade final dos orzamentos da Deputación de Ourense para 2018 ascende a 80.707.000 euros, a máis alta dos derradeiros seis exercicios orzamentarios. Subliño como principais novidades as seguintes:

1.- Mantense a previsión de endebedamento cero da Deputación en maio de 2019, reducíndose en máis de cen puntos dende febreiro de 2012. Unha redución espectacular do endebedamento que significará a DÉBEDA CERO da institución o domingo 9 de xuño de 2019, parece que a data elixida para celebrar as vindeiras eleccións locais –as décimo primeiras-, coincidindo cos comicios ao Parlamento Europeo, as oitavas que terán lugar en España.

2.- Potenciase a aposta polo EMPREGO, duplicando a contía do Plan de empregabilidade dos concellos (20000 euros para todos os concellos), axustando o importe dos proxectos de obras do plan provincial (51000 euros, redacción de proxecto incluída).

3.- Inclúense dende o inicio do exercicio orzamentario o plan de obras, o plan de desbroces, o plan de empregabilidade e o plan de axudas para actividades relacionadas coa mocidade. Situación que determina o destino, para tódolos concellos, aló menos, de 82000 euros. Máis que nunca.

4.- A Deputación volve a financiar integramente o Plan de obras, que inclúe tamén ao concello de Ourense e á entidade local menor de Berán (24000). Importe total: 4.477.000 euros.

5.-A rede viaria provincial (composta por 1840 quilómetros) conta nos orzamentos cun investimento de 2.000.000 de euros.

6.-Dótase o Consorcio Provincial de incendios, no que será primeiro ano de pleno funcionamento, con 1.419.750 euros.

7.- Asúmese a parte de financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal, aportando para este fin a Deputación 813.333,20 euros. Esta Deputación asume a súa parte e a dos concellos.

8.-O compromiso medioambiental do goberno provincial reflíctese na contía orzamentaria destinada a esa área estratéxica do meu executivo(12.193.505 euros).

9.- Os servizos sociais seguen a ser unha aposta clara, co Plan Benourense cifrado en 2018 en 1.200.000 euros.

10.-Incrementéntanse os orzamentos do INORDE, ascendendo a 1.780.000 euros, para o desenvolvemento local, turístico e económico.

11.- Mantéñense o Plan de axudas á natalidade, o Plan de Termalismo (500000), o Plan para gastos correntes de concellos con insuficiencia financeira ou orzamentaria, a liña de subvencións de deportes (400.000) e o Plan Tarazana de actividades recreativas e culturais (200.000)

12- A entidade local menor de Berán, por primeira vez, inclúese tamén nos plans de de empregabilidade (10.000 euros) e de axudas para a mocidade (3.000 euros).

13.- A cooperación coa Universidade e co ensino superior è unha realidade consolidada. Tanto co Campus de Ourense, coa súa especialización como “campus da auga”, da UVIGO, como coa UNED, cuxo padroado presido e para a que aportaremos en 2018 un mínimo total de 420.998 euros.

Mantéñense tamén para 2018 convenios con grupos de investigación das Universidades vencellados ao estudo da realidade provincial como o Grupo Colmeiro ou co evidente protagonismo de Ourense no ámbito do municipalismo español como o acordo co GEN+ do campus de Ourense da Universidade de Vigo.

E digo mínimo, e o podería dicir no resto das cuestións contempladas no orzamento, porque poden completarse esas contías con cantidades derivadas do remanente de tesourería da institución, un remanente que,

reiteradamente, ven amosando cantidades positivas históricas. Sen dúbida outra razón máis para recoñecer o traballo e compromiso do persoal da deputación por interpretar perfectamente as directrices políticas emanadas dos plans de mandato. No pleno do venres, 27 de abril de 2018, aprobaremos a modificación do crédito deste orzamento. Previsión e planificación. Seguridade xurídica.

14.-Mantéñense as axudas á natalidade, única deputación galega en contar con elas, compatibles con calquera outra.

15.- Mantense a liña de axuda aos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas do territorio provincial, catro das cinco galegas.

16.- Consolídanse alianzas e colaboracións coas entidades empresariais máis representativas tanto a nivel autonómico como o Círculo de Empresarios de Galicia; a nivel provincial como a Confederación Empresarial de Ourense e a Cámara de Comercio e Industria; mesmo a nivel comarcal e local como a Asociación de Empresarios de Valdeorras ou a Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas.

O Plan “Exportou” coa CEO representa unha aposta directa polo apoio á internacionalización das nosas empresas, co protagonismo que merecen as misións empresariais.

17.- Ourense é cultura e a Deputación segue formando parte e colaborando decisivamente coas entidades culturais de referencia na provincia: Fundación Otero Pedrayo, Fundación Curros Enríquez, Liceo de Ourense, Coral de Ruada...por suposto coa recentemente creada Fundación Blanco Amor, na honra dun dos xigantes das nosas letras.

En definitiva “son os orzamentos do emprego e da cooperación”, do compromiso coa provincia e cos seus concellos, cos cidadáns e co futuro de Ourense.

Como dixen antes, estes orzamentos fan unha aposta especial pola cooperación cos concellos para crear emprego directo. Sobre a base do plan de empregabilidade de anos anteriores, que foi quen de xerar arredor de 200 postos de traballo anualmente, duplicamos o seu importe

(20000 euros) para crear máis de 400 empregos. Xurde esta decisión da opinión maioritaria de alcaldes e alcaldesas loubando o plan de empregabilidade e considerándoo de especial relevancia.

ORZAMENTOS PARA SEGUIR FACENDO “MÁIS OURENSE”

Non quixera deixar pasar esta nova oportunidade e sigo reivindicando en sede parlamentaria a participación das facendas provinciais nos tributos autonómicos, tal e como establece a Constitución Española no seu artigo 142, cuestión que nunca se cumpriu. Un posicionamento unánime dos gobernos provinciais de España, tal e como reflectimos nos documentos e declaracións aprobadas, a última delas en Segovia o seis de outubro.

Tampouco a de propoñer, en réxime de reciprocidade, que o goberno autonómico, en relación cos investimentos territorializados, deran audiencia aos gobernos provinciais, na fase previa de elaboración de orzamentos para constituír un espazo de coordinación de prioridades e intercambio de información de proxectos de cada unha das administracións.

Porque, señorías, as provincias non son só circunscricións electorais. As provincias son territorios con intereses que deben ser postos en valor polos seus gobernos, tal e como establece a Carta Magna. Eses gobernos son as deputacións, chamadas a deseñar e actuar dende unha visión integral de provincia.

Os orzamentos desta Deputación para 2018 inciden nesa visión integral. A que fixo que cooperásemos con tódalas administracións, tanto o Goberno do Estado a través de programas co Ministerio de Fomento en materia de termalismo social; convenios co Ministerio de Industria, vía Escola de Organización Industrial, para os programas de formación e de axuda ao emprego xove; cooperación co Goberno Autonómico facendo posible, financiada integramente por esta Deputación, os accesos ao Complexo Hospitalario, infraestrutura de vangarda sanitaria; convenios coa Xunta en materia de reparacións e obras en centros de ensino ou ben o plan de infraestruturas deportivas. Por suposto cooperación coa Xunta para seguir executando o Plan Termal de Ourense, neste intre case cumprido ao 60 %. Unha administración, a provincial, a Deputación de

Ourense que tamén conta con financiamento comunitario en programas formativos e medioambientais, permitíndome singularizar no “Raia Termal” coas administracións portuguesas.

A RENDICIÓN DE CONTAS E A TRANSPARENCIA

A transparencia, para a Deputación de Ourense, non é só unha obriga. É unha actitude. Un eixo estratéxico dunha acción política presidida por un concepto claro: estamos gobernando para as veciñas e veciños da provincia.

Por iso os orzamentos de 2018 seguen incluíndo partidas e apostas que caracterizan a este goberno. Un goberno con xestión económica acreditada, un goberno planificador e cooperador, medioambientalista e prestador de servizos sociais municipais, en definitiva instalando un ecosistema provincial de goberno aberto.

Presentando proxectos que reciben a validación das entidades que os xulgan como recibir neste ano o Premio á mellor contratación pública electrónica de España ou o Premio do Colexio De Enxeñeiros Informáticos de Galicia que distinguiu como Mellor Proxecto dunha Administración Pública en Galicia o noso denominado “Provincia Intelixente”, en alianza con IBM e Vodafone.

Liderando os gobernos provinciais de España en transparencia, segundo o ranking dado a coñecer no Open *Govenment Leadership* celebrado en La Nucía recentemente. Un liderado que tamén exercemos en comunicación política, cuestión que tamén creemos fundamental. Planificar, actuar e comunicar. En clave provincial pero liderando a nivel nacional. Nacional de España.

Uns orzamentos para 2018 que permitirán seguir traballando en redes nacionais e internacionais, onde gobernos doutros territorios apoian as nosas propostas.

Redes e órganos onde non só somos a única deputación galega posicionada dese xeito senón aquela a quen outros gobernos provinciais de España, de tódalas cores políticas, teñen como entidade con criterio e capaz de innovar dentro da administración pública, sempre na vangarda.

Por iso seguiremos desenvolvendo o noso papel dentro da Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias. Única galega.

Continuaremos traballando vicepresidindo a Federación Nacional de Concellos e asociacións de concellos con embalses e centrais hidroeléctricas. Máis de 1200 concellos de España e a única deputación galega.

Formularemos propostas innovadoras, a única deputación galega, na Comisión Permanente da Fundación Democracia e Goberno Local, o *think tank* máis importante do municipalismo español. Entidade coa que organizamos, dende hai sete anos, o Foro de debate máis importante sobre as deputacións do futuro. Entidade que apoiou a proposta deste que lles fala para celebrar a Conferencia Nacional de Presidentes de Gobernos Provinciais, primeira edición en Ourense en 2014. Foro xa consolidado, celebrándose xa a segunda edición en Badaxoz en 2016 e en Segovia en 2017. En 2018 terá lugar en Granada.

Foros Nacionais e Foros Internacionais...Traballando en Partenalia, a organización europea de gobernos locais intermedios, con sede en Bruxelas, onde ostento a Vicepresidencia. Unha organización que celebrou este ano o seu Consello Político en Ourense, no Pazo de Vilamarín, nunha xuntanza marcada polo posicionamento medioambiental (contamos coa participación do Presidente da ASBC David Levine e co Presidente da Waterkeeper Alliance, Robert Kennedy) e pola transparencia. Unha xuntanza que rematou coa aprobación da chamada “Declaración de Ourense”.

E seguimos recibindo a confianza daqueles que conforman connosco entidades representativas estratéxicas. Como a EHTTA, que agrupa a 50 sitios termais de 13 nacións europeas. No mes pasado, en Loutraki (Grecia), este que lles fala recibiu o apoio unánime para ostentala vicepresidencia desta entidade, a máis importante en materia de termalismo en Europa.

Uns orzamentos para 2018 que seguen reforzando esta administración e goberno aberto, a disposición das veciñas e veciños.

Máis próxima, seguindo organizando xornadas de portas abertas ou, por citar algo que terá lugar dentro de 13 días, o Debate sobre o Estado da Provincia de Ourense... seguimos sendo a primeira e única deputación de Galicia en celebralo. Aproveito esta ocasión para aconsellar a súa celebración a quen aínda non o puxo en marcha. Fala moito e ben da visión de provincia que debe defenderse dende os gobernos provinciais.

Nós seguimos traballando. escoitando e xestionando. Facendo Ourense. Invitando a quen queira sumarse a este xeito de traballar en positivo, afastado do fatalismo e de complexos de inferioridade que levan a ningures. E os resultados están á vista.

Queremos seguir liderando as deputacións de Galicia en compromiso coa terra, en transparencia e goberno aberto –non só as de Galicia, tamén as de España-, en programas innovadores e en foros nacionais e internacionais onde somos chamados para falar de planificación, de xestión de visión e de gobernanza. O noso plan é OURENSE e estas son as liñas xerais dos orzamentos, xa aprobados, para 2018.

Moitas grazas e boa tarde.